

## Conta satélite da produción doméstica. Ano 2003

### COMUNICADO

---

## O valor engadido bruto xerado pola produción doméstica dos fogares galegos representa o 37% do PIB

No ano 2003 os fogares galegos dedicaron unha media de 3,4 horas diarias a realizar servizos domésticos e persoais non remunerados e destinados a autoconsumo. A valoración económica destes servizos, realizada na conta satélite da produción doméstica (CSPD), permite obter a estimación do valor engadido bruto (VEB) xerado por estes servizos que é de 15.150 millóns de euros, o que supón o 37% do produto interior bruto (PIB).

---

### COMPARACIÓNS INTERNACIONAIS

*Peso do VEB da produción doméstica sobre o PIB*

País	Ano	% PIB
Australia	1997	43
Canadá	1997	34
Euskadi	2003	33
Finlandia	2001	39
<b>Galicia</b>	<b>2003</b>	<b>37</b>
Nova Celandia	1999	39

Fonte: Eustat e IGE

---

O peso da produción doméstica sobre o PIB en Galicia é similar aos ratios estimados noutros territorios económicos. Estas comparacións deben tomarse con precaución ao non existir unha metodoloxía de uso xeral pero si unha proposta metodolóxica de Eurostat que se segue nas estimacións do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Nos fogares realízanse actividades que producen servizos domésticos e persoais e que teñen como finalidade a satisfacción das necesidades básicas dos membros do fogar (proporcionar un lugar para durmir, comida, roupa, coidados etc.). Os fogares deben proporcionar estes

servizos producíndoos eles mesmos ou adquiríndoos no mercado, de xeito que, no primeiro caso non se remunera este traballo e por regra xeral non se inclúe no PIB.

Das actividades non remuneradas que realizan os fogares, inclúense no satélite doméstico aquelas que cumpren a regra da terceira parte, que indica que deben considerarse produtivas as actividades que se poden delegar nunha persoa allea ao fogar.


Quedan fóra da CSPD aquelas actividades consideradas como non produtivas, como durmir, ocio, deporte, etc., que non poden delegarse nunha terceira persoa.

A valoración desta produción doméstica é de 22.250 millóns de euros, o que supón o 60% da produción total do sector fogares.

### O 74% das actividades domésticas non remuneradas son realizadas polas mulleres

O tempo que os galegos dedican ás actividades domésticas é moi distinto por sexo, cunha media diaria de 4,8 horas as mulleres e de 1,8 horas os homes. Un dos condicionantes do peso da produción doméstica nunha economía e do seu repartimento por sexos, é a menor taxa de ocupación das mulleres, que supón que en moitos fogares, as mulleres non realizan traballo remunerado e empregan unha parte importante do seu tempo nos servizos que require o fogar. En Galicia, no ano 2003, o tempo que en media se dedica a traballo remunerado é de 1,9 horas diarias as mulleres fronte a 3,3 horas os homes, tal como se recolle na *Enquisa de emprego do tempo* do IGE e INE.

Da valoración económica destas actividades, obtense a seguinte distribución do VEB xerado pola produción doméstica por sexo para as cinco funcións consideradas na CSPD.



As mulleres realizan o 74% das actividades da produción doméstica, o que xera un VEB de máis de 11 mil millóns de euros e supón o 27% do PIB, mentres que corresponde aos homes os 4 mil millóns de euros restantes cun peso do 10% do PIB.

Das cinco funcións consideradas na conta satélite da produción doméstica de Galicia, o traballo voluntario é o que presenta un repartimento máis igualitario entre homes e mulleres, cun 46% e 54% respectivamente. Nesta función inclúese tanto a axuda informal a outros fogares coma a actividade de voluntariado canalizada a través de organizacións.

Máis dun terzo das actividades de coidados e educación son realizadas polos homes, sendo a segunda función cunha porcentaxe máis equilibrada.

Pola contra, os homes dos fogares galegos só realizan o 13% das actividades destinadas a proporcionar roupa (lavar, pasar o ferro e coidar a roupa en xeral).

#### VEB DA PRODUCCIÓN DOMÉSTICA POR FUNCIÓNS E SEXO

(%)

Funcións	Homes	Mulleres
Proporcionar aloxamento	31	69
Proporcionar comida	20	80
Proporcionar roupa	13	87
Proporcionar coidados e educación	35	65
Traballo voluntario	46	54
<b>Total</b>	<b>26</b>	<b>74</b>

Fonte: IGE. Conta satélite da produción doméstica. Ano 2003

#### O 38% do VEB xerado pola produción doméstica corresponde á función proporcionar comida

Non só existen diferencias no tempo que homes e mulleres dedican ao traballo doméstico, tamén son distintas as funcións nas que ambos sexos concentran o tempo dedicado a realizar estes servizos.

#### VEB DA PRODUCCIÓN DOMÉSTICA POR FUNCIÓNS E SEXO

(%)

Funcións	Total	Homes	Mulleres
Proporcionar aloxamento	28	33	26
Proporcionar comida	38	30	41
Proporcionar roupa	12	6	14
Proporcionar coidados e educación	16	21	14
Traballo voluntario	6	10	4
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: IGE. Conta satélite da produción doméstica. Ano 2003

A función proporcionar comida inclúe a planificación da comida, adquisición dos ingredientes, preparala, servila, limpar os pratos etc., e supón o 38% da produción doméstica total e é a principal función para as mulleres, cun peso do 41% e a segunda en importancia para os homes, cun 30%.

A seguinte función, por orde de importancia, é proporcionar aloxamento, que supón non só a decoración ou mantemento da vivenda, alugada ou comprada, senón tamén a limpeza, reparación, equipamento desta etc. e é a principal función para os homes, cun 33%.

As funcións de proporcionar roupa e coidados absorben conxuntamente máis dun cuarto do tempo dedicado a actividades domésticas, pero cunha distribución entre as dúas moi distinta para cada sexo. Así, os homes dedican a proporcionar coidados máis do triplo do tempo que a proporcionar roupa, mentres que, para as mulleres, o tempo é idéntico entre ambas as funcións.


Como xa se indicou, a función de proporcionar roupa é a que presenta un repartimento máis desigual, cun 87% realizado polas mulleres e só un 13% polos homes, o que se reflicte tamén no peso que ten esta función en cada sexo: un 6% nos homes e un 14% nas mulleres.

Por último, o 6% do VEB xerado pola produción doméstica corresponde a traballo voluntario, cun peso moi superior nos homes, cun 10% fronte a un 4% nas mulleres.

### **O consumo dos fogares galegos incrementase un 53% ao incluír a produción doméstica**

Na conta satélite de produción doméstica considérase que os fogares son produtores de servizos que autoconsumen e, polo tanto, supón unha maior produción realizada polo sector fogares e ademais vese incrementado o consumo dos fogares na mesma magnitude.

Por outra parte, debe facerse unha reclasificación do consumo dos fogares, de xeito que os bens e servizos que se consideran gasto en consumo final nas contas económicas, deben reclasificarse en consumo final, consumo intermedio ou investimento. Serán consumo intermedio os bens e servizos que se utilizan como input para a produción doméstica (alimentos, deterxentes etc.) e serán investimento os bens de capital que se requiran para realizar esta produción (lavadora, cociña etc.).



Polo tanto, o gasto en consumo final dos fogares obterase a partir da estimación das contas económicas en termos SEC, se deben restar os bens e servizos que na CSPD se consideran consumo intermedio ou investimento e sumar a produción doméstica.

Esta nova estimación reflicte o que os fogares realmente consumiron (exclúense os bens de investimento ou consumo intermedio), ben directamente do mercado, ou ben da produción doméstica xerada no fogar para satisfacer as necesidades dos seus membros, e increméntase un 53% con respecto ao estimado nas contas económicas en termos SEC.

---

Para máis información:

Publicacións relacionadas:

Conta satélite de produción doméstica. Ano 2003

Contas económicas. Base 2000 revisada. Serie 1995-2005

Instituto Galego de Estatística  
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
 Contacto: <http://www.ige.eu/catalogo/peticioninfo.jsp?idioma=ga>  
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
 FAX: 981.54.13.23  
 Comunicados en : <http://www.ige.eu>